

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 22 de xuño de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,04 horas do día vinte e dous de xuño de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(690).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 18.06.2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(691).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1023/16.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 7.06.2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D^a. Emerita Duran Humia. Expte.1023/16.

3(692).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE CO POBO SAHARAUI, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAR “VACACIÓNS EN PAZ 2012”. EXPTE. 73109/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica responsable do Programa, de data 15.05.2012, conformado polo xefe da área de Política de Benestar e pola concelleira delegada de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 4.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 15.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF.: G15924558, para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2012”.

2 Aprobar o gasto de 16.000.- euros con cargo á partida 2310.489.00.11 -convenio saharauis– do orzamento de 2012, destinadas a financiar os gastos do desprazamento dende Tindouf ata Vigo de nenos/as saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf.

4(693).- AUTORIZAR AO CLUB CICLISTA TEIS, A ORGANIZAR O VINDEIRO DÍA 1.07.2012, A XXI GRAN PREMIO CILCISTA TEIS. EXPTE. 11110/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 19.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar ao **Club Ciclista Teis** a organizar o vindeiro día 1 de xullo de 2012, **XXI GRAN PREMIO CICLISTA TEIS**. A dita proba terá un horario de 10 a 13 horas e percorrerá as rúas Sanjurjo Badía, Doctor Corbal e Pedro Alvarado”.

5(694).- AUTORIZAR A DELEGACIÓN EN VIGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, A ORGANIZAR O VINDEIRO 23.06.2012, A XXIX CARREIRA PEDRESTRE DE SAN XOAN. EXPTE. 11250/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 19.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro 23 de xuño de 2012, a **“XXIX Carreira Pedestre de San Xoa**n”. A proba terá un percorrido con saída dende a Praza do Rei ás 21.15 h, percorrendo as rúas de Camelias, Romil, Paseo de Alfonso, Pi i Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomás Alonso, Paulino Freire, Beiramar e finalizando no Berbés”.

6(695).- CORRECCIÓN DE ERRO NO PREGO DE PRESCRICIÓN ADMINISTRATIVAS DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 13263/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Educación, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Modificar erro involuntario de transcripción aritmética contido no prego de prescricións administrativas do procedemento de adxudicación do contrato de servizos para a xestión do programa municipal de educación básica de persoas adultas (expte. 13263-332), que na cláusula sexta, apartado D) “outros medios de acreditar a solvencia técnica”, que se inclúe na folla de características do contrato (FEC), no punto 2 relativo á experiencia acreditable do persoal proposto, que onde di: “todo o profesorado proposto acreditará experiencia de aló menos 1000 días cotizados no réxime xeral da Seguridade Social nos últimos seis anos (entre 2006 e 2011 ámbolos dous incluídos), na impartición de distintas modalidades de formación de persoas adultas ...”, cando debe dicir: “todo o profesorado proposto acreditará experiencia de aló menos 100 días cotizados no réxime xeral da Seguridade Social nos últimos seis anos (entre 2006 e 2011 ámbolos dous incluídos), na impartición de distintas modalidades de formación de persoas adultas ...”

7(696).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NOS” PARA O ANO 2012. EXPTE. 4555/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Festas, de data 31.05.2012, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural e pola concelleira delegada de Cultura e Festas e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 5.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 15.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para o desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS” para o ano 2012.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe total de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo á aplicación 3380.489.0010 do programa orzamentario do servizo de Festas correspondente ao vixente exercicio económico.”

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VENTE CON NOS” 2012

Na Casa do Concello a de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelarias Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 13 de xuño de 2011; e no sucesivo O CONCELLO.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. nº 76.911.826-X, como presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, C.I.F. nº G36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo Pontevedra, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación aportada ao expediente 4555/335; e no sucesivo A AGRUPACIÓN.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- AGRUPACIÓN ten entre os seus fins estatutarios

“Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades”;

“Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins”;

“Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación.”

II.- No ámbito das súas competencias, O CONCELLO ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.

III.- Así as cousas, O CONCELLO no seu vixente orzamento prorrogado, na partida 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención nominativa por importe de 15.000,00 euros, a favor da AGRUPACIÓN para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós”.

IV.- O programa “**VENTE CON NÓS**” foi creado e rexistrado pola AGRUPACIÓN no ano 2001 co fin de desenvolver un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social; circunstancias estas que posibilitan a non concorrencia pública e A concesión directa da subvención.

V.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

VI.- Que a Agrupación non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións conforme ao previsto LG 9/2007, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 4555/335.

VII.- Que O CONCELLO e A AGRUPACIÓN veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver este programa cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

A tenor das precedentes consideracións e atendendo ao interese sociocultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Agrupación exposta na memoria que se achega ao presente documento, ambas as entidades establecen a súa colaboración e formalización do presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, conforme aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A AGRUPACIÓN comprométese ao desenvolvemento dos programas “**VENTE CON NOS**” e “**SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO**”, que acolle un ciclo de actuacións de música e danza tradicional e a Semana de Teatro Afeccionado, asumindo as seguintes obrigas:

1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

- a) Participarán 15 grupos artísticos de música e danza tradicional e 5 grupos de teatro, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.
- b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 30, dúas actuacións por entidade. En canto á Semana de Teatro afeccionado é de 5 actuacións de teatro, unha actuación por entidade. Estas actuacións distribúense da seguinte forma:
 - 17 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade.
 - 10 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.
 - 3 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Agrupación.

- c) As contías que se establecen por actuación e grupo artístico, a proposta da Agrupación, son as seguintes:

CATEGORIA A: (400 €/ actuación)

- Grupo de Baile “Andarela”
- Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”
- Grupo de Baile “Atlántida de Matamá”
- Grupo de Baile “Corisco”
- Grupo de Baile “Cotogrande de Cabral”

CATEGORIA B: (350 €/actuación).

- Grupo de Baile “Leticias de Valladares”
- Grupo de Baile “Os Ventos de Comesaña”
- Grupo de Baile “A Buxaina”
- Grupo de Baile “Helios de Bembrive”
- Grupo de Baile “Asubío”
- Grupo de Baile “Froles Novas”

CATEGORIA C: (300 €/actuación).

- Grupo de Baile “Airiños do Coto”
- Grupo de Baile “Rueiro”
- Grupo de Baile “Queixumes”

GRUPO DE GAITAS: (225 €/actuación)

- Grupo de Gaitas “Os Trasnos da Gaita”.

GRUPOS DE TEATRO: establécese un importe por actuación de 600,00 euros.

- d) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).
- e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 16.500,00 euros correspondendo 13.450,00 euros ás trinta e cinco actuacións e o importe restante a gastos indirectos e de comunicación.

2.- Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garantan os posibles prexuízos ocasionados como consecuencia da actividade.

3.- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

4.- Distribuír entre os grupos artísticos participantes, ou no seu caso ás entidades vinculadas a estes, as “*certificacións de actuacións*” que se inclúen como “Anexo II” ao convenio, que terán que ser formalizadas polas entidades receptoras das actuacións.

5.- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do CONCELLO como patrocinador das actividades.

6.- Verificar que as entidades beneficiarias receptoras das actuacións dispoñen dos permisos e autorizacións necesarios para a realización das mesmas.

7.- As previstas como entidade beneficiarias da subvencións conforme ao previsto no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

Segundo.- As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o CONCELLO, se é o caso, e incluír o logotipo do CONCELLO naquel material que edite a propia entidade.

b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.

c) Formalizar a "*Certificación de actuación*", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.

d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.

f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións

g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garanten os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

Terceiro.- O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a:

1.- Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula vixésimo segunda.

2.- Comunicarlle á Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións autorizadas, cunha antelación mínima de 15 días naturais, e 5 días naturais para aquelas outras actuacións en actos oficiais.

Se a data estivera dispoñible e non comprometida con outra actuación, o grupo quedará automaticamente comprometido co CONCELLO, entendéndose aceptada a actuación. Non caso contrario, e no prazo de dous días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, procederase pola AGRUPACIÓN a notificar, e acreditar no seu caso, a non dispoñibilidade.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa do CONCELLO non será aboada con cargo a este convenio.

3.- Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4.- Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver, consensuando estas coas propias agrupacións artísticas implicadas ou en todo caso coa AGRUPACIÓN.

5.- Conceder directamente á AGRUPACIÓN, unha subvención por importe de 13.500,00 euros para o desenvolvemento do programa “**VENTE CON NOS**” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0010 do vixente orzamento.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2100.5912.48.0200021010, da entidade bancaria LA CAIXA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao CONCELLO deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Noveno.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de execución xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando na mesma o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do concello de Vigo e da entidade beneficiaría, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo noveno.- A concelleira de Cultura e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura e Festas do Concello.

Vixésimo segundo.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Trala correspondente convocatoria pública e prazo de admisión de solicitudes, a organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle ao servizo de Festas da concellería de Cultura en coordinación coa Agrupación.

As actuacións distribuiranse atendendo aos criterios de dispoñibilidade da agrupación artística, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a maior diversificación nos ámbitos territoriais e artísticos.

Con carácter xeral quedan excluídas do convenio aquelas actuacións vinculadas á programación de actos de carácter non laico, festas e romerías patronais, así como aquelas actuacións programadas dentro do mesmo ámbito territorial do barrio ou parroquia asociado ao grupo artístico e entidade que o acolle.

Con carácter excepcional, e a proposta da Concelleira de Cultura e Festas, poderase autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se

aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS”

D/Dna.....	DNI.....
...tfs.....	correo_e.....@.....
.....	
en representación da entidade	
....., CIF	con domicilio social na
rúa	nº..... CP:
....., Tlf.....	fax
..... correo_e:.....	@.....

SOLICITA que o servizo de Festas lle conceda unha actuación do programa “VENTE CON NÓS” con cargo ao convenio coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, vixente para o exercicio 2012, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían segundo o estipulado na cláusula segunda do antedito convenio que deseguido se indican.

1. Lugar de actuación

Datas	Horarios	Nome da actividade onde se encadran as actuacións

2. Os grupos serán designadas polo servizo de Animación Sociocultural atendendo a súa dispoñibilidade, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a un criterio de distribución territorial polos barrios e parroquias de Vigo.

Vigo, de de 2011

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

OBRIGAS DAS ENTIDADES RECEPTORAS DE ACTUACIÓN.

As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, se é o caso, e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.
- c) Formalizar a "*certificación de actuación*", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.
- d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.
- e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.
- f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións
- g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garanten os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN DE GRUPOS DE MÚSICA, DANZA E CANTO TRADICIONAL GALEGO E TEATRO. PROGRAMA "VENTE CON NÓS" 2012.

D/Dña.....	DNI.....
.....tfs.....correo_e.....@.....
.....	
en representación da entidade	
....., CIF con domicilio social na
rúanº.....CP.
.....,Tlf.....	fax
.....correo_e:.....@.....	

EXPÓN:

<p>1. Que o grupo realizou unha actuación programada polo Servizo de Festas na citada entidade, o día de de 2012, en dentro de programa de actuacións "VENTE CON NÓS"</p> <p>2. Que o grupo presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.</p>	
--	--

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS :

.....

.....
...VIGO, de de 2012

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

8(697).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA E O CONCELLO PARA O MANTEMENTO DO “PUNTO INFORMA” E A REALIZACIÓN DUN TALLER DE CREATIVIDADE LITERARIA DURANTE O ANO 2012. EXPTE. 5412/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, de data 4.05.2012, conformado pola concelleira de Igualdade, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 9.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, e co informe xurídico de data 19.04.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Dorna” e o Concello de Vigo para o mantemento do “Punto Informa” e a realización dun taller de creatividade literaria durante o ano 2012.

2º. Autorizar á concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 17.100,00€ (dezasete mil cen euros) con cargo á partida presupostaria “*Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Dorna para o mantemento do “Punto Informa” e a realización dun taller de creatividade literaria, con cargo á partida 2311 4890002* do orzamento vixente da concellería de Igualdade para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil doce

REUNIDAS

Dunha parte, dona M^a Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011.

Doutra, dona Aurea González González, como presidenta da Asociación de Mulleres Dorna, con CIF nº G36619468, con enderezo social na r/ Baiona, 9 baixo Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 5412-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A asociación de Mulleres Dorna, con máis de 30 anos de traxectoria no barrio de Coia, ten os seguintes fins:

- promover unha formación integral da muller encamiñada a desenvolver unha conciencia crítica, participativa, sociopolítica e solidaria como membro activo da sociedade en xeral e, principalmente, do seu
- contorno.
- Colaborar con calquer situación ou sector da sociedade referido a xustiza, paz , calidade de vida, etc.

A Asociación de Mulleres Dorna crea no barrio, en colaboración co Concello de Vigo, un Punto de Información dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Este servizo contribúe á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos da administración. Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.

Neste ano 2012, a asociación de mulleres Dorna presenta ademais o proxecto de “Taller de creatividade Cocinando palabras” que ten como finalidade fomentar a creatividade, potenciar a capacidade de imaxinar con distintos recursos creativos, a pintura, o cine, a música e a literatura, incentivar a autoestima, e o intercambio dinámico do grupo de mulleres participantes.

II.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento de recente creación formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da “Asociación de Mulleres Dorna” cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie estas iniciativas no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 17.100,00€, a favor da Asociación de Mulleres Dorna.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, as intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación de Mulleres Dorna durante o exercicio 2012.

V.- Que a Asociación de Mulleres Dorna non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 5412-224. Anexo IV. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mulleres Dorna, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- O obxecto deste convenio é:

1º.- Apoiar o mantemento do “Punto Informa” do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.

2º.- Organizar un taller de creatividade literaria para mulleres, no que participarán un mínimo de quince alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.

A Asociación de Mulleres Dorna comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Destinar a este fin unha oficina permanente da Asociación de Mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.

Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ao perfil que se establece no Anexo III.

4.- Informar ás usuarias do Punto Informa da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Centro de Emerxencia, así como do apoio que presta a asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”.

5.- Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirían en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

6.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

7.- Presentar ante a concellería de Igualdade unha memoria semestral e anual que incluírá o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base aos criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola concellería de Igualdade.

8.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación de Mulleres Dorna non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

9.- As obrigas da Asociación de Mulleres Dorna, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.

2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.

3º.- Conceder directamente á Asociación de Mulleres Dorna, unha subvención por importe de 17.100,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 5.500,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 5.800,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 5.800,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto por importe de 11.300,00€, resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder acada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- ▣ A presidenta e coordinadora da Asociación de Mulleres Dorna
- ▣ Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna
- ▣ A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.
- ▣ Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha

conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente ao importe que teña sido financiado coa subvención concedida, así como declarar a procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que teñan sido financiados coa subvención concedida..

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2012. Anexo V.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención así como a axeitada xustificación da mesma será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade . A xefa do servizo de Igualdade emitirá

informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.”

9(698).- RATIFICACIÓN DO DECRETO DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE E TRANSPORTES, DE DATA 5.06.2012, REFERENTE Á AUTORIZACIÓN Á AGRUPACIÓN DE FESTAS DA LOCALIDADE, PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA. EXPTE. 82720/210.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 5.06.2012, que di o que segue:

- Examinada a solicitude presentada pola AGRUPACIÓN DE FESTAS DA LOCALIDADE, CIF G-36659563 en data 05/06/2012 (número de documento 120069649, unido expediente 82525-210) , relativa á celebración das Festas da Consolación en Coia na praza Prudencio Rodríguez de Dios e xardíns colindantes , os vindeiros 29,30 DE XUÑO E 1,2,3,4 DE XULLO DE 2012 no recinto sinalado no plano que se achega.
- Achegan póliza de responsabilidade civil , recibo de pagamento e aval bancario por importe de 8000 euros.
O departamento de parques e xardíns en data 21 de maio de 2012, emitiu o seguinte informe:

Terán que presentar un aval por valor de 8000 € (o cal achegan) para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar.

Deberán de cumprir as normas xerais sobre a utilización de espazos públicos segundo acordo da Comisión de Goberno de 17 de marzo de 2003.

Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores dos xardíns

Deberán usar o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade e anuncios que fagan referencia ás festas

Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poidan xenerar a festa, quedando a zona utilizada nas mesmas condicións que antes do seu uso

- Por parte da área de Mobilidade ,Transportes e Seguridade non hai inconveniente en acceder á ocupación do lugar solicitado, sempre que se faga dentro da zona marcada e delimitada no plano que se achega e sen ocupar a estrada de circulación, sendo debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade viaria, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu contorno , deixando paso baleiro suficiente para os vehículos de urxencias e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos.

Visto o exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

PROPOSTA

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DA LOCALIDADE, CIF G-36659563 a ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración das Festas da Consolación de Coia na praza Prudencio Rodríguez de Dios e xardíns colindantes , os vindeiros 29,30 DE XUÑO E 1,2,3,4 DE XULLO DE 2012 no recinto sinalado no plano que se achega debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- ▣ Terán que presentar un aval por valor de 8000 € (o cal achegan) para responder dos posíbeis danos que se poidan ocasionar.

Deberán de cumprir as normas xerais sobre a utilización de espazos públicos segundo acordo da Comisión de Goberno de 17 de marzo de 2003.

Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores dos xardíns

Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poidan xenerar a festa, quedando a zona utilizada nas mesmas condicións que antes do seu uso

Deberán usar o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade e anuncios que fagan referencia ás festas

- ▣ Horario máximo autorizado: 3:30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ▣ Límite transmisión ruídos : non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- ▣ Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.
- ▣ Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

A persoa responsable estará presente e localizable no teléfono 619892168 , José Porto Padín (en representación da Agrupación de festas da localidade de Vigo) ou ben Alfonso Carrera (Presidente da comisión de festas) no teléfono 664540976

Vigo, 05 de xuño de 2012
A ENXEÑEIRA TÉCNICA
Carmen Vazquez Dominguez

DECRETO: De conformidade coas competencias delegadas que me están conferidas POR DECRETO DE ALCALDIA DE DATA 13 DE XUÑO DE 2011, RESOLVO de conformidade co presente informe-proposta.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

10(699).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS COLON, 29, DEPOSITADA CON MOTIVO DA RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA COLÓN, 29. EXPTE. 82435/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Transporte, de data 8.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13.04.2012 por COMUNIDAD DE PROPIETARIOS COLON, 29, con NIF H-36954287, por un importe de 3.000 €, para responder de posibles danos que se puideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Colón, 29, por non producirse danos.

11(700).- ARQUIVO DA DENUNCIA PRESENTADA POR D. ALBERTO GRANDAL DURÁN, CONTRA DOUS FUNCIONARIOS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 35834/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do superintendente xefe da Policía Local, de data 8.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Dispoñer o arquivo da denuncia presentada por D. Alberto Grandal Durán (doc. 120056668) contra os funcionarios desta Policía Local con carné profesional 294241 e 294383, por non ser os feitos denunciados constitutivos de infracción disciplinaria algunha.”

12(701).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO E IMPOSICIÓN DE SANCIÓN A DOUS FUNCIONARIOS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 35331/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do instrutor do expediente da Policía Local, de data 21.05.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Impoñer ás funcionarias de carreira con posto de traballo de Policía local e carnés profesionais 294.479 e 294.504 , como autoras dunha falta disciplinaria de carácter grave pola desobediencia aos superiores xerárquicos con motivo das ordenes de servizo impartidas por estes o 22 de maio de 2011, una sanción de dous días de suspensión de funcións a cada unha delas, con anotación nos seus expedientes persoais.

SEGUNDO.- Transcorrido un ano desde a data de efectos do acordo polo que se lles impón a sanción, procederase de oficio á cancelación dos antecedentes, sempre que durante aquel tempo non sexan sancionadas as interesadas por feitos cometidos nese mesmo período (art. 50 da L.O. 4/2010).

13(702).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DO 12 DE ABRIL, DO EBEP POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 23175/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., de data 13.06.2012, conformado pola xefa de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 14.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Asesoría Xurídica, Estatística e Rexistro Xeral, contidas nos escritos de datas 7 de maio e 4 de xuño de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.242,86 € con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D^a. CAYETANA ALEJANDRA MARTÍNEZ PARDO, DNI 53.183.075-Z, D^a. BERTA REIRIZ SÁNCHEZ, DNI 36.091.580-A e, D^a. MIRIAM FRÍAS CLEMENTE, DNI 52.871.030-X, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 135, auxiliar, sendo adscritas aos Servizos de Asesoría Xurídica (cód. 111), Estatística (cód. 234) e Rexistro Xeral (cód. 232).

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

14(703).- NOMEAMENTO INTERINO DE SEIS SUBALTERNOS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.S.D) LA LEI 7/2007, DO 12 DE ABRIL, DO EBEP POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 23154/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., de data 6.06.2012, conformado pola xefa de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 12.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 2 de maio de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 61.536,60 € con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D^a. ISABEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ, DNI 36.151.568-F, D^a. TERESA SÁNCHEZ CARRASCO, DNI 07.837.404-Q, D^a. SARA FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, DNI 36.139.094-E, D^a. SUSANA VEGA PRIETO, DNI 46.840.215-W, D. JESÚS ANGEL VILLAMOR ÁLVAREZ, DNI 36.136.096-J e, D^a. ROCÍO ALONSO JORGE, DNI 36.115.017-A, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos

termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, Subalterno/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral dos/as traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

15(704).- SOLICITUDE RECOÑECIMENTO GRAO PERSOAL DE D^a M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA. EXPTE. 23160/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de RR.HH., de data 14.06.2012, conformado pola xefa de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñecer á funcionaria de administración local con habilitación de carácter estatal, pertencente á Escala de Secretaría, subescala Superior, con praza e posto de Secretaria do Goberno Local D^a M^a Concepción Campos Acuña, con nº de persoal 81004, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 30 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto dese nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

16(705).- SOLICITUDE RECOÑECIMENTO GRAO PERSOAL DE D^a ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO. EXPTE. 23182/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de RR.HH., de data 14.06.2012, conformado pola xefa de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñecer á funcionaria de carreira deste Concello con praza de técnica de administración xeral e adscrita ao posto de Xefe/a do Servizo de Seguridade, D^a Rosa Ana Garcinuño Barreiro, con nº de persoal 78302, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto dese nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

17(706).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 126/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 NO PROCEDEMENTO 263/2011 SOBRE CANTIDADES (ANTIGÜIDADE SUSANA GLEZ. TORRES E MÓNICA LÓPEZ-CORONADO). EXPTE. 23150/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de RR.HH., de data 5.06.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 12.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 126/2012 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 263/2011, sobre recoñecemento de dereito e cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Susana González Torres, con DNI 36090213-Q e D^a Mónica López-Coronado Carnero, con DNI 36071855-N, en relación coas sentenzas 17/2012 de dito Xulgado, de abono de diferencias salariais en concepto de antigüidade, correspondentes ao período de agosto 2009 a agosto de 2010 e de xullo 2009 a maio 2010, por importe de 1.737,33 a Sra. González Torres e 2.034,33 a Sra. López-Coronado Carnero.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora a Sra. González Torres (47,46 €) e IRPF (260,60 €), e a Sr. López-Coronado (34,50 € de seguridade social) e IRPF (305,15) efectuando o correspondente ingreso así como de 377,16 € (10%) de mora, máis 400,00 € provisionais de intereses e costas, na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 012612. (Debéndose ingresar un importe total de 3.901,11 €)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social Nº 3 ós efectos oportunos en relación coas providencias xudiciais que se executan a través da Asesoría Xurídica, notificando asemade a Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

18(707).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 101/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5, NO PROCEDEMENTO 874/2007, SOBRE CANTIDADES (CARLOS SAHUQUILLO FRANCO). EXPTE. 23149/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de RR.HH., de data 1.06.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 12.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 101/2012 do Xulgado do Social Nº 5 dos de Vigo, no procedemento 874/2007, nos autos seguidos a instancia de D. Carlos Sahuquillo Franco (DNI 36131304-Y) en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 1815/2008 de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de marzo de 2007 e 31 de decembro de 2007, por importe de 11.267,90 €, máis 1.126,79 € de intereses por mora.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo dos traballadores (721,15 €) e IRPF (1.690,19 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 010112. (19.420,62 €)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 1 de marzo de 2007 a 31 de decembro de 2007.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe de Desenvolvemento Local e Empregos, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

19(708).- LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN 220/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO NO PROCEDEMENTO 310/2010 (CARLOS SOTO ALVAREZ). EXPTE. 23148/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de RR.HH., de data 1.06.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 12.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Único.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, na execución 220/2011, procedéndose ao abono da cantidade de 4.262,81 € en concepto de intereses unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do

Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3626 0000 64 022010.

20(709).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO SR. CONCELLEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE FLEXIBILIDADE HORARIA DE D. XOSE LOIS ROMERO FALQUE. EXPTE. 23189/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 15.06.2012, que di o que segue:

“Con data 7 de xuño de 2012, D. Xosé Lois Romero Falque, con DNI 36.029647-D e nº persoal 78928, auxiliar de administración xeral, adscrito ao Servizo de Cultura, solicita autorización de flexibilidade horaria por motivos de conciliación da súa vida laboral e familiar por ter ao seu coidado fillos menores de 12 anos.

Como queira que a súa solicitude foi informada favorablemente polo Xefe do do Departamento de Cultura e Bibliotecas, polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conta co conforme da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar con data 06/06/2012, existindo o compromiso desta Concellería-delegada de Xestión Municipal para o estudio e aplicación de medidas de conciliación da vida laboral e familiar, previa negociación ao efecto coa representación sindical dos traballadores, o feito é que a implantación das mesmas esixe dun estudio detallado que permita dar unha solución integral e equitativa para a totalidade do persoal municipal que desexe acollerse a tal beneficio, con especial atención á incidencia que a mesma poda ter naqueles servizos con maior atención ao público ou nos servizos de emerxencia e seguridade pública.

De maneira que, pendente da emisión de informe en relación á implantación das ditas medidas polas xefaturas dos diferentes servizos, parte dos empregados solicitantes tiveron que recurrir a solicitar unha redución de xornada coa correspondente dedución de retribucións nos termos do vixente Acordo regulador das condicións socio-laborais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, polo que se considera oportuno proporcionar unha solución estritamente provisional que permita puntualmente o acceso dos solicitantes á conciliación salientada sen que lles afecte á economía familiar; solución puntual que en calquera caso será deixada sen efecto automaticamente no momento no cal se aprobe unha solución integral para o resto do persoal municipal, e cuxo mantemento será estudado no momento no cal pola respectiva xefatura do servizo se comunique o deficiente funcionamento do servizo por existir varios beneficiarios de medidas de flexibilidade horaria no mesmo servizo.

Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Regime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade coa acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de

competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Acceder excepcionalmente e con carácter provisional á flexibilidade horaria solicitada por D. Xosé Lois Romero Falque, con DNI 36..029647-D e nº persoal 78928, auxiliar de administración xeral, adscrito ao Servizo de Cultura,, en escrito de data 7 de xuño 2012, e visto o informe favorable emitido polo Xefe do do Departamento de Cultura e Bibliotecas, polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e que conta co conforme da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, que consistirá en retrasar unha hora ao inicio da súa xornada laboral (08:00 a 15:00) horas,ou adiantar unha hora ao fin da mesma (14:00 a 21:00 horas), con efectos a partir da data da presente resolución, tendo a obriga de compensala, incidencia que deberá ser comunicada ao Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal), lembrándolle que deberá comunicar a cesación das causas motivadoras do outorgamento da presente medida excepcional.

Segundo.- Dispoñer o carácter estritamente provisional e excepcional da medida acordada, a cal en todo caso será deixada sen efecto automaticamente no momento no cal se aprobe polo órgano municipal competente ao efecto unha solución integral para o resto do persoal municipal, actualmente en tramitación, acordando igualmente a ineficacia da mesma cando polo Concello se teña coñecemento fehaciente da cesación ou da inexistencia das causas motivadoras do outorgamento da medida, ou ben se comunique formalmente polo beneficiario/a da mesma.

Terceiro.- Acordar que se comunique ao Xefe do Departamento de Cultura e Bibliotecas, que o outorgamento da presente medida excepcional en ningún suposto implicará o incremento da dotación de efectivos asignados ás unidades ou servizos concretos, nin o incremento a priori da autorización da realización de horas extraordinarias, debendo comunicar calquera incidencia a esta concellería-delegada de Xestión municipal e ao Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos procedentes.

Cuarto.- Notifíquese presente resolución ao interesado, Xefe do Departamento de Cultura e Bibliotecas, Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) e Comité de Persoal para coñecemento e demais efectos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

21(710).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO SR. CONCELLEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL POLA QUE SE DEIXA SEN EFECTO A REDUCIÓN DE XORNADA DA FUNCIONARIA Dª SILVIA TABOADA GONZÁLEZ. EXPTE. 23171/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 29.05.2012, que di o que segue:

“A través de escrito de data 28 de maio de 2012 (doc. nº 120066229) Dª Silvia Taboada González (nº persoal 79158), auxiliar administrativa adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica, solicita deixar sen efecto a redución de xornada autorizada por resolución de data

